



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago

1

15/3/94

565 CIRCULAR N° 1 / 1994, DO 10 DE MARZO, DA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

ASUNTO: INSTRUCCIÓN PARA A CONTABILIZACIÓN DE EXPEDIENTES CON CARGO A PROGRAMAS DE INVESTIMENTOS.

O artigo 28 do proxecto de Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1994, fai referencia á identificación dos proxectos de investimentos, así como a súa modificación, xa sexa por inicio de novos proxectos, como por variación dos existentes.

O anexo de investimentos contén a desagregación a nivel de proxectos para cada aplicación presupostaria.

A asignación de novos códigos polas intervencións delegadas, logo da tramitación da oportuna modificación, segundo dispón o artigo 28 anteriormente citado, fai preciso, ós efectos de unificación de criterios, dicta-las seguintes

INSTRUCCIONES

PRIMEIRA.

A execución presupostaria en calquera das súas fases (RC, A, D, O, K) fai necesario que en todo documento contable que se impute ó Capítulo VI do presupuesto de gastos, fágase consta-lo código do proxecto a que se refire o mesmo, conforme á estructura indicada en escrito de data 15 de febreiro pasado.

Automaticamente, e por procedementos internos, o sistema informático XUMCO, de acordo cunha orde e/ou porcentaxe pre establecida, imputará cada operación ó financiamento do expediente (FCI, FEDER, FCA, etc.), de forma que os únicos controles do sistema existentes no momento da contabilización son, a existencia do código do proxecto e o límite cuantitativo do expediente, xa que a suma dos documentos RC e A que se imputen a cada proxecto non poderá superar o importe total do mesmo.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago

2

Para exercicios futuros únicamente establecese o control sobre as porcentaxes que se fixan no artigo 58 da Lei 11 / 1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupuestario de Galicia.

SEGUNDA.

Durante o transcurso do ejercicio, poden producirse modificacións dos datos iniciais do anexo de investimentos; xa sexa como consecuencia da necesidade de modifica-lo importe asignado a un proxecto, ou ben pola creación de novos proxectos; podéndose presenta-los supostos seguintes:

- A) Reaxuste entre proxectos que pertencen a un mesmo concepto presupuestario (inclúe as vinculacións).

Estes reaxustes obedecen a alteracións no importe total de un ou varios proxectos xa existentes, de forma que os incrementos duns son financiados con diminucións noutras, sen que se produza alteración ningunha no importe da aplicación presupuestaria.

Ós efectos do procedemento a seguir, haberá de terse en consideración o seguinte:

1.- Se se atopan financiados exclusivamente con fondos propios (FCA).

Competencia: O titular da Consellería.

Trámite: Na Resolución farase consta-la aplicación e o código dos proxectos afectados, así como o importe que se incrementa ou diminúa.

2.- Se se encontran cofinanciados.

Competencia: O titular da Consellería, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago

3

2.1.- No suposto de cofinaciamento con fondos estructurais ou F.C.I., o informe corresponderá á Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa Unión Europea.

2.2.- Nos restantes expedientes o informe corresponderá á Dirección Xeral de Presupostos.

Trámite: *Na Resolución faranse consta-los mesmos datos que no suposto nº 1.*

3.- Reaxuste no financiamento dun proxecto.

Producirase cando, sen modificarse o importe total asignado a un proxecto, se modifique o seu financiamento.

Competencia: *A Consellería de Economía e Facenda.*

Trámite: *Farase constar no expediente a aplicación presupostaria, código do proxecto afectado, fontes de financiamento que se modifican e, se é o caso, o novo código de financiamento.*

B) Desconcentracións de crédito.

Competencia: *O titular da Consellería.*

Trámite: *Deberá figurar na Resolución de desconcentración, ademais da aplicación presupostaria, o importe de cada proxecto que se desconcentra.*

Remisión: *Á intervención delegada da Consellería respectiva.*



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago

4

C) Modificacións presupostarias.

Tódolos expedientes de modificación de créditos e os Acordos de non disponibilidade de créditos que afecten ó Capítulo VI do presuposto de gastos, deberán estaren desglosados por proxectos de investimento.

Competencia: A Consellería de Economía e Facenda, ou, se é o caso, o Consello da Xunta.

Trámite: Deberán facerse consta-los proxectos afectados, o seu finacemento e importes.

Remisión: Á intervención delegada da Consellería respectiva o expediente aprobado e os seus documentos contables ós efectos da súa contabilización.

Á Subdirección Xeral de Contabilidade o expediente aprobado.

D) Alta de proxectos.

Cando, como consecuencia de calquera dos supostos anteriores, sexa preciso a creación dun novo código de proxecto, deberá seguirse o procedemento seguinte:

- 1.- *Por parte do órgano xestor que inicie o expediente de modificación farase consta-la aplicación presupostaria, a Sección, o Servicio e o ano de inicio e remate do proxecto, así como a súa denominación.*
- 2.- *A Dirección Xeral de Presupostos, naqueles casos en que sexa competencia da Consellería de Economía e Facenda a súa aprobación, incluirá o código de finacemento.*
- 3.- *A intervención delegada respectiva completará o código do proxecto e asignará o número de orde que corresponda, seguindo unha orde correlativa para cada Sección e ano.*



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago

5

TERCEIRA.

Co obxecto de evitar posibles errores que podan producirse, as intervencións delegadas levarán un rexistro extracontable de proxectos en vigor.

O dito rexistro conterá, polo menos, o número de orde, o concepto, código do proxecto e o seu importe.

CUARTA.

Da totalidade de modificacións indicadas na presente circular, remitirase copia polas intervencións delegadas á Subdirección Xeral de Contabilidade e á Dirección Xeral de Presupostos ós efectos de control. Así mesmo remitirase copia de aquelas que afecten a Fondos Estructurais e F.C.I. á Dirección Xeral de Planificación Económica e Relacións coa Unión Europea.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 1994.

Ó INTERVENTOR XERAL
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Asdo.: JUAN JOSE NOVOA MONTERO